

**REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO
DE GALICIA DE RALLYES DE REGULARIDADE**

REGULAMENTO. A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, establece para o 2019, o seguinte Campionato de Galicia de Rallyes de Regularidade:

- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para Pilotos.
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para Copilotos.
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para a categoría "E".
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para a categoría "F".
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para a categoría "G".
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para a categoría "HA".
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para a categoría "HB".
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para a categoría "I".
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade Sport.
- Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licencia de concursante colectivo autonómica expedida pola F.G. de A.).

Artigo 1.- SERÁN DE APLICACIÓN, POR ORDEN DE PRELACIÓN.

- a) As prescricións comúns o Campionato de Galicia 2019.
- b) As prescricións comúns para rallyes de Regularidade.
- c) O presente Regulamento Xeral.
- d) O Regulamento Particular da proba.
- e) O C.D.I., e o Código de Manifestacións da F.I.V.A.
- f) As Prescricións Xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A.

Artigo 2.- ASPIRANTES. Todos aqueles que cumpran cos requisitos sinalados no Anexo I.

Artigo 3.- VEHÍCULOS ADMITIDOS. En tódolos rallyes de Regularidade puntuables para o Campionato de Galicia serán admitidos os vehículos correspondentes ás cate-



gorías "E", "F", "G", "HA", "HB" e "I", dacordo coa normativa ditada pola F.G. de A., e da F.I.A.-F.I.V.A.

Categoría E: Automóbiles construídos entre o 1 de xaneiro de 1946 e o 31 de decembro de 1960.

Categoría F: Automóbiles construídos entre o 1 de xaneiro de 1961 e o 31 de decembro de 1970.

Categoría G: Automóbiles construídos dende o 1 de xaneiro de 1971 e ata unha antigüidade de mais de 25 anos.

Categoría HA: Vehículos preparados para competición, dacordo os Grupos 1, 2, 3, 4 do Anexo J de 1981 da FIA, e Normativa da F.G.A. para o grupo HA.

Categoría HB: Vehículos preparados para competición, dacordo o Grupo 5, do Anexo J de 1981 da FIA, e Normativa da F.G.A. para o grupo HB.

Categoría I: Automóbiles con menos de 25 anos de antigüidade, e calquera outro de interese, a criterio da FGA, en canto a conveniencia de admisión.

3.1.- A tódolos efectos, considerase constituída unha categoría, coa saída dun so vehículo.

Artigo 4.- DEREITOS DE INSCRICIÓN, XENERALIDADES.

4.1.- Os dereitos de inscrición quedarán a criterio da escudería organizadora, tendo que ir sempre en consonancia cos premios, e trofeos a entregar o final da proba.

4.2.- Establecerase un mínimo de premios por proba, quedando a criterio da escudería organizadora.

Coeficiente "7 é 8":con premios en metálico.

Coeficiente "5 é 6":.....sen premios en metálico.

Nota: A distribución de cada coeficiente será segundo o regulamento tipo.

4.3.- Do incumprimento de dita normativa darase traslado ó Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo.

4.4.- Entregaranse como mínimo os seguintes trofeos por proba.

- Ós 5 primeiros da Xeral.

- Ós 3 primeiros de cada categoría.



- Ó vehículo mais antigo.
- Ó primeiro vehículo clasificado sen medidor auxiliar
- A primeira escudería clasificada.
- Ós tres primeiros da clasificación da suma dos dous treitos especiais.

Artigo 5.- MODELO REGULAMENTO. O regulamento particular de tódalas probas puntuables estará conforme ó publicado neste anuario (modelo tipo abreviado) editado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 6.- CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS. Normas a cumprir: Serán establecidas as seguintes clasificacións:

- 6.1.- Unha clasificación xeral absoluta.
- 6.2.- Unha clasificación por categorías.
- 6.3.- Unha clasificación para Escuderías segundo criterio do Art. 5 dos Regulamentos Xerais do Campionato e Copas de Galicia para Escuderías.
- 6.4.- Se o Organizador prevese algunha clasificación máis, deberá facelo constar no Regulamento Particular da proba.
- 6.5.- Unha clasificación da suma dos dous treitos especiais.

Artigo 7.- NORMAS A CUMPRIR POLAS PROBAS PUNTUABLES.

COEFICIENTE 5 é 6. Terán un mínimo de 3 e un máximo de 5 treitos cronometrados de regularidade diferentes. Nos que a velocidade media non pode ser superior a 50 km/h. Terán de treitos cronometrados de regularidade un mínimo de 40 kilómetros. Terán 2 Treitos Especiais de regularidade Sport, podendo ser pola mañá e pola tarde-noite, cunha media de velocidade máxima de 70 km/h, tendo que estar debidamente pechado o tráfico ordinario, e a exclusivo criterio do organizador, de facelos no seu rallye ou non.

COEFICIENTE 7 é 8. Terán un mínimo de 4, e un máximo de 6 treitos, cronometrados de regularidade diferentes. Terán de treitos cronometrados de regularidade un mínimo de 40 kilómetros. Terán 2 Treitos Especiais de regularidade Sport, un pola mañá, e outro pola tarde-noite, cunha media de velocidade máxima de 70 km/h, tendo



que estar debidamente pechados o tráfico ordinario, e coas medidas de seguridade (comisarios de bandeiras, radioaficionados, e unha ambulancia), e controis axeitados á normativa.

Artigo 8.- PUNTUACIÓNS.

8.1.- Despois de cada proba puntuable e para cada unha das clases, serán atribuídos uns puntos ós conductores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
10	9	8	7	6	5	4	3	2	1

8.2.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
25	20	15	12	10	8	6	4	2	1

8.3.- Os puntos obtidos de acordo co indicado nos apartados 8.1. e 8.2. serán sumados e o seu total multiplicado polo coeficiente da proba considerada. Se algún regulamento prevé clasificacións distintas das anteriores, soamente se terá en conta as clasificacións, que o presente Regulamento establece.

8.4.- Para o Campionato de Galicia das categorías E, F, G obterase unha clasificación scratch unicamente formada polos vehículos pertencentes a cada unha das categorías admitidas.

8.5.- Haberá unha clasificación especial, e única, para as categorías HA, HB e I, que non optarán a clasificación xeral da proba nin o Campionato Copa de Galicia de Rallyes de Regularidade; tendo unha Copa de Galicia de rallyes de regularidade específica para eles.

Artigo 9.- CLASIFICACIÓNS DO CAMPIONATO. A clasificación final do Campionato de Rallyes de Regularidade será establecida entre aqueles equipos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.

Para a clasificación final do Campionato de Galicia de Rallyes de Regularidade, rete-



rarse e sumaranse os resultados de todas as probas celebradas.

Artigo 10.- EMPATES.

1.-) Si na clasificación final varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfixera o citado empate.

2.-) De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

Artigo 11.- CALENDARIO COPA DE GALICIA DE RALLYES DE REGULARIDADE.

DATA	PROBA	COEF	ESCUDEIRÍA
27-04-2019	6º RALLYE REG. LAMPREA	8	ARBOMOTORSPORT
23-11-2019	13º RAL. RG. MOUCHO CONDADO	8	SURCO

E as que designe a F.G. de A.

Artigo 12.- PREMIOS E TROFEOS.

Ó final da tempada previo escrutinio dos resultados outorgaranse os seguintes galardóns a:

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES DE REGULARIDADE

CampiónTrofeo de Bronce F.G.A.

Sub-Campión.....Trofeo de Bronce F.G.A.

Campión CopilotosTrofeo de Bronce F.G.A.

Sub-Campión Copilotos.....Trofeo de Bronce F.G.A.

Artigo 13.- A puntuación que emitirá, no informe, o inspector da F.G. de A., será vinculante para a adxudicación de coeficientes para a tempada 2020.

